

OBRADOIROS DE EDUCACIÓN AMBIENTAL MARIÑA “MERGULLANDO DENDE A CLASE”



A QUEN SE DIRIXEN?

Os talleres van dirixidos a alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria dos CEIP da provincia da Coruña nos que dúas educadoras traballarán en grupos de máximo 50 alumnos/as.

CONTIDOS

Levar o fondo do mar á clase non é sinxelo, pero grazas a imaxes filmadas durante a práctica do mergullo na costa galega e ao emprego das novas tecnoloxías trasladaremos a biodiversidade que

caracteriza a parte somerxida das nosas costas ao centro educativo para poder explorala, coñecela e saber como participar no seu coidado. O obradoiro consta dos seguintes apartados:

Dinámicas participativas

A través de recursos audiovisuais percorremos o mundo submarino de Galicia para abordar e reflexionar sobre a biodiversidade e importancia do medio mariño poñendo especial atención na necesidade da súa conservación.

- Outro mundo ao lado da casa: onde descubrir que factores fan tan distinta a vida baixo o mar
- Repaso pola vida mariña galega: coñecendo as principais paisaxes e formas de vida que atopamos na costa
- Ameazas do medio mariño: afondaremos nos diferentes impactos no mar para debater sobre o noso papel na súa conservación

Entrega do libro “Alén do azul”

Para aportar un recurso didactico que pode ser empregado como ferramenta no futuro polo centro para seguir afondando no mundo mariño galego dende diferentes asignaturas.

Experiencias inmersivas en 360º

Coas experiencias inmersivas buscamos dar a oportunidade de mergullarnos no mundo submarino de Galicia sen nos mollar a través de imaxes en 360º visualizadas nunhas lentes de realidade virtual. Unha viaxe inmersiva que nos levará dende os fondos rochosos do Parque Nacional aos bosques de algas xigantes, e onde poder descubrir como son baixo a auga as bateas ou que se sente estando cara a cara cun polbo.

Detectives das mareas

Actividade participativa onde mirar a praia con outros ollos para descubrir que é un ecosistema de gran riqueza, importancia e biodiversidade e coñecer as principais arribazóns e refugalllos que chegan a elas para afondar na vida mariña a través das pistas que nos deixan estes elementos da contorna.

Posta en común dos resultados finais

Unha vez finalizados os obradoiros nos diferentes centros educativos, compartiremos o traballo e as accións realizadas en cada centro para facer unha posta en común dos resultados a través dunha memoria final e ter unha visión global do coñecemento do medio mariño e as propostas de divulgación e conservación que foron levadas a cabo. Deste xeito non só podemos compartir o traballo desenvolvido, senón tamén buscar inspiración nas propostas doutros centros.


METODOLOXÍA

Nunha primeira parte realizaranse as dinámicas participativas a través de vídeos submarinos cos que afondar no mundo submarino galego para coñecer a súas características, biodiversidade e paisaxes somerxidas, poñendo especial atención na necesidade da súa conservación. Finalizaremos esta parte coa entrega do libro “Alén do azul” (1 hora e 15 minutos)

Posteriormente pasaremos á segunda parte, onde o alumnado poderá desfrutar dunha experiencia inmersiva en 360º que nos permitirá saber que se sinte mergullando nas augas galegas sen nos mollar grazas ao emprego de lentes de realidade virtual. Durante a realización das experiencias levarase a cabo de xeito paralelo o taller detectives das mareas no que abordar as particularidades e vida nos ecosistemas de praia (1 hora e 15 minutos)

O obxectivo é achegar o medio mariño galego ás aulas para coñecer a súa biodiversidade e importancia, así como reflexionar co alumnado sobre a necesidade da súa conservación, comprendendo como o mar inflúe de forma directa nas nosas vidas aínda que vivamos lonxe da costa e as nosas vidas inflúen na saúde do mar.

Os talleres serán impartidos por 13 Grados, unha cooperativa sen fins de lucro que traballa dende a educación ambiental mariña para a divulgación e conservación do medio mariño galego.



13 GRADOS

CANTO DURAN?

Cada taller ten unha duración de 2 horas e 30 minutos, que se poden repartir en dous bloques de 1 hora e 15 minutos cada un para adaptalos aos horarios do centro.

CENTROS ESCOLARES ONDE SE REALIZARÁN

Os 10 obradoiros realizaranse en centros de educación infantil dos concellos de Cerdido, As Pontes, Sada, Abegondo, Coristanco, Dumbría, Oroso, Melide, Teo e A Pobra.